

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1339).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1340).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA S.A (COLEXIO DE FOMENTO MONTECASTELO) PARA A PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE DIDÁCTICO-EDUCATIVA “III TORNEO FIRST® LEGO® LEAGUE (FLL)” NO ANO 2016. EXPTE. 14039/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2/12/16, o informe de fiscalización de data 16/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/16, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Recursos Humanos, Admón. Electrónica e Patrimonio, que di o seguinte:

En data 07.12.2016 a Intervención Xeral condiciona a fiscalización do expediente á subsanación dos seguintes puntos:

1. Escrito de solicitude e declaracións dos representantes legais con firma mancomunada da non existencia de outras axudas para o mesmo proxecto
2. Certificado actualizado de estar ao corrente coas obrigas tributarios cá Axencia Tributaria e coa Seguridade Social
3. Orzamento de gastos e ingresos asinado polos representantes legais con firma mancomunada

Esta xefatura ten a ben informar que a solicitude foi presentada en prazo, pero unha vez advertidos os erros na documentación por parte da Intervención Xeral, (con informe de data 07-12-2016), foi imposible remitila para a súa aprobación dentro do prazo establecido nas normas para o peche contable do Concello (09-12-2016), debido a complexidade da documentación solicitada por atoparse a persoa necesaria para as firmas mancomunadas fóra da cidade.

Unha vez subsanados os puntos sinalados, remítese a Intervención Xeral para a súa fiscalización, informando o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- I. En data 08.03.2016, José Manuel Rodríguez Lago, presenta solicitude de axuda do Concello de Vigo á entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), acompañando a documentación preceptiva para acreditar a condición de beneficiaria dunha subvención directa pola citada entidade, segundo artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A dito escrito a entidade solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria da actividade a desenvolver
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Certificación bancaria
- Copia do DNI do presidente e representante legal da Asociación
- CIF sociedade.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

II.- En data 17.11.2016, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena iniciar expediente para a tramitación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), para a participación deste no III Torneo First® Lego® League (FLL) no ano 2016.

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, na aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido nos artigos 26 LSG e 67 Regulamento da lei xeral de subvencións, unha subvención por razón de interese público, en concreto a participación na *"FLL resulta unha proposta didáctico-formativa favorable aos intereses municipais polo que parece xustificado o interese público en apoiar economicamente a participación do alumnado do Colexio "Montecastelo" de Vigo na iniciativa didáctica-formativa FLL; xa que o Concello de Vigo non debe ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de que o noso alumnado acade a mellor formación posi-*

ble en todos os ámbitos de aprendizaxe, coa finalidade de tentar garantir as mellores condicións de éxito na súa futura incorporación activa a unha sociedade globalizada e pensando nunha futura ocupación laboral.”

Segundo.- Actividade “III torneo First® Lego® League (FLL)”

I.- A entidade Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), é unha institución educativa impulsada por un grupo de padres e educadores que promovieron a creación de colexios nos que se considera esencial a colaboración das familias. Os seus principios educativos son a excelencia educativa, a implicación dos padres, educación personalizada e identidade cristiá.

Xunto coa solicitude do Colexio Montecastelo, a Xefatura da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta **“MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA S.A (COLEXIO DE FOMENTO MONTECASTELO) PARA A PARTICIPACIÓN DESTA NA ACTIVIDADE DIDÁCTIVO-EDUCATIVA “III torneo First® Lego® League (FLL)”** , xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e o centro educativo, para a financiación da participación deste na fse final da actividade educativa III torneo First® Lego® League (FLL). Na citada Memoria descríbese a actividade a desenvolver pola Asociación para o que se solicita unha subvención de 1.500 euros

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións

- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016
- ETT da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia

2.- A actividade de fomento

A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), para o desenvolvemento da súa actividade de interese público, cultural e educativo, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.

3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese educativo.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por esta Xefatura de Área en base ás conclusións reflectadas no informe do técnico de Educación data 06.06.2016, no que se xustifica o interese público do proxecto que dificulta a súa convocatoria pública: “..FLL resulta unha proposta didáctico-formativa favorable aos intereses municipais polo que parece xustifico o interese público en apoiar economicamente a participación do alumnado do Colexio “Montecastelo” de Vigo na iniciativa didáctica-formativa FLL..”

4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia materia de promoción da cultura na letra “m”. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.n, regula como unha competencia local, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública. A Disposición adicional primeira Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización

zación e sostenibilidade da Administración local , dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei , (tal é o caso, en canto o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, atribúe ós Concellos como competencia propia na letra “n”, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo) , continuarán exerciéndooas elas, rexíndose pola indicada lexislación.

5.- Procedemento de concesión directa

A posibilidade da concesión directa a subvención á entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), está prevista expresamente nos artigos 22.2.letra “c” da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 letra “c” da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 40 do Regulamento da Lei galega de subvencións, con carácter excepcional, dado o interese público municipal, cultural da actividade que dificulta a súa convocatoria pública:

A tramitación da subvención polo procedemento excepcional de concesión directa fundaméntase, ademais da súa singularidade: “*subvencións en que se acrediten razóns de interese público, o outrosque dificulten a súa convocatoria pública*”. Xustificado queda no informe do técnico de Educación o interese público municipal do proxecto. O interese educativo radica en que o desenvolvemento dun produto de turismo, constituí unha boa ferramenta para coñecer a orixe e evolucionar da cidade e un factor de desenvolvemento para o territorio e a propia poboación local, contribuíndo a xenerar ingreso para esta e as súas iniciativas empresariais.

A dificultade da súa convocatoria pública radica na especialidade do concurso, e en concreto, na programación do III torneo First® Lego® League (FLL), en tanto que a axuda sería para participar na fase final do concurso, celebrada en Burgos, unha vez superadas unha serie de probas previa polo alumnado do Colexio Montecastelo con robots de Lego deseñado por eles mesmos.

6.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigos 40.1 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas por razóns de interese público.

En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencións, artigos 65.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímense conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución da actividade educativa-cultural “III torneo First® Lego® League (FLL)”, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico o humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo informe do técnico municipal de Educación e Memoria do convenio
- Beneficiario e modalidade de axuda, entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A a través dunha achega económica
- Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade
- Prazos e modos de pago da subvención

- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos
- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG: a través da aplicación da robótica no ámbito educativo, os escolares vigueses do Colexio "Montecastelo" teñen a oportunidade de enfrontarse a un desafío científico-tecnolóxico do mundo real, mediante a construción de robots que realizan tarefas nun taboleiro de xogo, e guiados pola súa imaxinación, desenvolven habilidades de traballo en equipo, emprendimento, innovación e creatividade ademais de descubrir futuras vocacións científico-tecnolóxicas que de seguro contribuirán a "enriquecer" á sociedade á que se teñen que incorporar.

A FLL resulta unha proposta didáctico-formativa favorable aos intereses municipais polo que parece xustificable o interese público en apoiar economicamente a participación do alumnado do Colexio "Montecastelo" de Vigo na iniciativa didáctica-formativa FLL

7.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

8.- Competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.**

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROPOSTA

1. *Autorizar o gasto por importe de 1.500 euros, a favor da entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "outras subvencións", en concepto de subvención para participar na fase final do III torneo First® Lego® League (FLL) no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar con data límite do día 20 de decembro de 2016".*

2. "Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo), que rexerá a subvención directa segundo vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar a participar na fase final do III torneo First® Lego® League (FLL) no ano 2016; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA S.A (COLEXIO DE FOMENTO MONTECASTELO) QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA A PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE DIDÁCTICO-EDUCATIVA "III Torneo First® Lego® League (FLL)" NO ANO 2016.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaséis

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA).

Doutra parte D. José Manuel Rodríguez Lago, representante legal da entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) CIF núm.A 28126597 e enderezo no número 6 da rúa Costa Brava de Madrid.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

EXPOÑEN

I.- Que a entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) é unha institución educativa con implantación na cidade de Vigo dende hai 50 anos, e que desenvolve a súa actividade educativa baixo os principios da excelencia educativa, a implicación dos padres e educación personalizada.

O Centro desenvolve un número importante de actividades no ámbito da formación e investigación: actividades de química en laboratorio, programación de robots, aula de economía ou desenvolvemento de proxectos de física e tecnoloxía para o desenvolvemento sostible .

Unha das actividades nas que participa é o III torneo First® Lego® League (FLL), proposta didáctico-formativa favorable aos intereses municipais en tanto que desenvolve competencias científico-tecnolóxicas clave para a sociedade do coñecemento.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora desas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

atribúe ás Administracións municipais en materia de promoción da cultura, no seu art 27.2 letras "m", desexa promover e colaborar economicamente na participación do Colexio Montecastelo na iniciativa didáctica-formativa, "III Torneo First® Lego® League (FLL)", produto educativo internacional que pretende despertar o interese dos xovenes pola ciencia e a tecnoloxía, promovendo os valores de traballo en equipo, emprendimento, innovación e creatividade, ademais de descubrir futuras vocacións científico-tecnolóxicas.

III.- O vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, Outras subvencións", crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido no artigo 67 Regulamento da Lei xeral de subvencións, unha subvención por razón de interese público, como é en concreto o fomento da participación en proxectos didáctico-educativos coma o descrito no apartado anterior.

O Concello de Vigo considera que a participación do Colexio Montecastelo na iniciativa didáctica-formativa, "III Torneo First® Lego® League (FLL)" ten un interese público, cultural e educativo en tanto que desenvolve competencias científico-tecnolóxicas clave para a sociedade do coñecemento.

O Concello de Vigo entende que o desenvolvemento desta iniciativa, e da participación do Colexio, constituí unha boa ferramenta para despertar o interese dos xóvenes pola ciencia e a tecnoloxía

IV.- Que a entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei xeral de subvencións e específica de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) comprométese a

1º.- Realizar e xustificar a súa participación no proxecto educativo "III Torneo First® Lego® League (FLL)" no ano 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14039/101.

2º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requerida no exercizo destas funcións.

3º.- Adoptar as medidas de difusión previstas no sexto pacto.

Segundo.- O CONCELLO DE VIGO, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) a tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a participación no proxecto educativo "III Torneo First® Lego® League (FLL)".

2º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe institucional nos ámbitos de promoción da Entidade mercantil (revista, folletos, web, redes sociais, etc).*

3º.- *Conceder á entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) unha subvención por importe de 1.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "Outras subvencións " mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade social "III Torneo First® Lego® League (FLL)"" a executar no ano 2016.*

O aboamento da subvención á entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A (Colexio Montecastelo) realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación do programa realizado no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, con data límite do día 20 de decembro de 2016, con desglose de cada un dos gastos incurridos.

4º.- *Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas), sistema nacional de publicidade das subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sen prexuízo da súa publicación segundo disposto no artigo 8 da citada Lei.*

Terceiro.- *Esta subvención non será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da*

beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación ano 2016.

A entidade mercantil Fomento de Centros de Enseñanza S.A achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, con data límite do día 20 de decembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de _____ de 2016.

3(1341).- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO E XERENCIA DE URBANISMO, EXERCICIO 2017: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 38/142.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 19/12/16, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 21 de novembro 2016, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2017.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 223 do día 22 de novembro, comezando a súa exposición o día 23, e rematando o prazo da mesma o 15 de decembro de 2016.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 39 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2017, das que cinco propoñen baixas en aplicacións do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e altas na Entidade Local, e dúas propoñen baixas e altas no Orzamento da XMU. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non estivese en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para establecer alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de documento do Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, ademais, a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida a propia alegación que leva incorporado o número de documento

do Rexistro. Faise a identificación e análzase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.

En consecuencia co anterior, emitíronse informes segundo o contido da alegación, pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria e pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación. En relación coas dúas alegacións presentadas ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo foron estudadas e contestadas pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

Tendo en conta os informes que figuran no expediente identificado como de Alegacións e emendas, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

- a) **Desestimar a alegación presentada por D. Carlos García-Suárez e Otero**, provisto de D.N.I. número 36.040.904, co número de documento 160163268 de data 01/12/2016, en nome propio, en representación dá Comisión Artística dá Fundación Laxeiro, solicita incrementar a aplicación inicialmente aprobada no orzamento municipal para o exercicio 2017 para a Fundación Laxeiro ata os 80.000 euros, por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aínda que poderá ser obxecto de estudo na transcurso do ano 2017 pola tramitación dunha modificación orzamentaria.
- b) **Desestimar a alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Persoal, co número de documento 160165373 de data 07/12/2016**, polas causas que figuran no informe sobre a mesma: 1.- O procedemento para modificar o cadro de persoal, requirirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento. 2.- A alegación non tería posibilidade de ser tramitada, non habería recursos para financiar os empregos que se propoñen. 3.- A alegación non é posible encadrala nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL.
- c) **Desestimar a alegación presentada por D. Rubén Pérez Sueiras, DNI: 53168978Q co número de documento 160165873 de data 08/12/2016**, por non responder as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, polo que, non tendo a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- d) **Desestimar as alegacións presentadas por D. Jaime Víctor Failde Albarellos DNI: 35204493A cos números de documento seguintes: 160166501, 160166505 e 160166524 de data 12/12/2016**. Unha das minoracións que se propón e nunha aplicación do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1532 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación ao xerar desequilibrios en ambos orzamentos. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, as alegacións non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- e) **Desestimar a alegación presentada por D. Marco Antonio Alves Falcao DNI: 36155398L co número de documento 160166528 de data 12/12/2016**. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- f) **Desestimar a alegación presentada por D. José Manuel Alonso Rodríguez, DNI: 36155398L co número de documento 160166529 de data 12/12/2016.** De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRHL.
- g) **Desestimar as alegacións presentadas por Dona María Cristina Alfonso García, DNI: 34871594Y cos números de documento seguintes: 160166543, 160166580 , 160166494, 160166597 e 160166601 de data 12/12/2016.** De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a minoración que se propón na aplicación 1510.6000000, é do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1710 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación ao xerar desequilibrios en ambos orzamentos. As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non teñen a cualificación de alegacións, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non de alegacións.
- h) **Desestimar as alegacións presentadas por D. José Alba Hidalgo, DNI: 05591324R cos números de documento seguintes: 160166498 e 160166599 de data 12/12/2016.** A minoración que se propón na aplicación 1510.6000000, é do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1710 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación por desequilibrar ambos orzamentos, sendo esta xustificación suficiente para o seu rexeitamento. Ademais, as alegacións presentadas non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.
- i) **Desestimar as alegacións presentadas por D. Guillermo Crego Rodríguez, DNI: 36137677P cos números de documento seguinte: 160166539 e 160166765 de data 12/12/2016, 160168281 de data 14/12/2016.** De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a aplicación 3260.2279918 que se propón incrementar está suxeita a unha relación contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumplir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- a alegación identificada co número 160168281, supón a modificación do contrato asociado á devandita aplicación, o cal estaría a incumplir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- j) **Desestimar as alegacións presentadas por D. J. Pedro Cuadrado Gago, DNI: 36008968F cos números de documento seguintes: 160167707 e 1601667704 de data 12/13/2016.** As aplicacións que se propón incrementar están suxeitas a unha relación contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumplir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- As alegacións supoñen a modificación dos contratos asociados as devanditas aplicacións, o cal estaría a incumplir co contido do artigo 107 do texto

refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

- k) **Desestimar a alegación presentada por D. Enrique José García Zapata, DNI: 10592354A co número de documento 160167118 de data 13/12/2016.** De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- l) **Desestimar a alegación presentada por D. Fiz Axeitos Hernández, DNI: 36123157R co número de documento 160167567 de data 13/12/2016, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello.** O financiamento proposto está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en ambos casos, están financiando contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir ou modificar os contratos en vigor con Air Nostrum e Ryanair. A aplicación que se propón incrementar, xa foi obxecto dunha maior dotación, pasando dos 40.000,00 euros do ano 2016 aos 60.000,00 previstos para o ano 2017. En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- m) **Desestimar as alegacións presentadas por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI: 36112742M cos números de documento seguintes: 160168425 e 1601668426 de data 15/12/2016.** De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- n) **Desestimar as alegacións presentadas por Dona Oriana Mendez Fuentes, DNI: 53177036R cos números de documento seguintes: 160168065 e 160168066 de data 14/12/2016,** de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria polos seguintes motivos: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto.
- o) **Desestimar as alegacións presentadas por D. José Manuel Ledo Santiso DNI: 76620648N cos números de documento seguintes: 160168277, 160168278 e 160168280 de data 14/12/2016, de acordo ao informe sobre as mesmas,** as alegacións non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- p) **Desestimar a alegación presentada por D. Juan Ferreiro Pérez DNI: 34620678C co número de documento 160168149 de data 14/12/2016,** a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo

170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- q) **Desestimar as alegacións presentadas por Dona Inocencia González, DNI: 36095023L en representación non acreditada da Asociación a Unión Matamá CIF: G36646063 co número de documento 160168927, 160168924, 160168932 e 160168930 de data 15/12/2016**, polos seguintes motivos: 1.- Para a construción desta infraestrutura, e necesario acreditar no PXOU, a existencia do solo co uso dotacional deportivo na devandita zona. 2.- O orzamento de Deportes, ten unha dotación 3420.6220006, con crédito para facer fronte a primeira anualidade dun novo pavillón deportivo, se fose o caso, podería destinarse a esta ubicación. 3.- Avaliadas as solicitudes correspondentes as alegacións descritas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- r) **Desestimar a alegación presentada por D. Higinio Santiago Araujo Feijóo DNI: 34960237F co número de documento 160168761 de data 15/12/2016**, a dotación que figura na aplicación 2410.1310000, é xenérica, polo que, o órgano que teña a competencia, pode adicalo á contratación de empregos para as finalidades que se consideren máis eficientes, non se establece a que colectivos se destinará. En todo caso, avaliada a solicitude correspondente a alegación descrita en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- s) **Desestimar a alegación presentada por D. Ramón Angel Laren Riveiro, DNI: 36151801X cos números de documento 160168596 e 160168599 de data 15/12/2016**. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- t) **Desestimar a alegación presentada por D. Enrique Alonso Rodríguez en representación da Sección Sindical de CC.OO co número de documento 160168909, de data 15/12/2016**. En relación coa alegación, está resolta pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, incorporándose o devandito informe ao expediente no que conclúe coa desestimación da mesma de xeito motivada amparada na xurisprudencia que se cita.
- u) **Desestimar a alegación presentada po Dona María Manuela Rodríguez Pumar, DNI 36062216X en calidade de responsable de Organización do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Comarca de Vigo, presenta alegación co número de documento 160169126 de data 15/12/2016**. Propón 42 emendas por unha contía de baixas e novas dotacións ou suplementos por unha contía de 7.549.615,00 euros. As causas que motivan a desestimación, son a redución de contratos de tratamento do lixo na contía de 1.550.000 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os dos servizos complementarios de educación, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir o contrato con Ryanair, coa indemnización preceptiva. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación

supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo. En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.

- v) No proceso anual de execución do orzamento, quedarán resoltas todas aquelas alegacións que poidan ter axuste orzamentario, ven dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos, ven tramitando modificacións orzamentarias ou con cargo á mesma aplicación orzamentaria cando esta teña un carácter xenérico e existe coincidencia na natureza económica do gasto da alegación. En consecuencia co anterior, a desestimación como tal, ten o seu amparo na causa obxectiva contida no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Nos casos de incumprimentos legais, tales son os supostos de modificacións de recursos afectados a gastos ou pola modificación de contratos, non será posible a súa viabilidade.
- w) **Desestimar a alegación presentada pola Federación de Asociacións de Veciños Eudardo Chao, e no seu nome Dona María Pérez González, co número de documento de identidade 36133187A, a través do rexistro administrativo da Xunta e con entrada no Rexistro do Concello, con número de documento 160170012, de data de 19 de decembro.** As causas que motivan a desestimación de acordo ao informe que se achega ao expediente, son: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- Por solicitar axudas nominativas a favor da alegante con minoración de dotacións que están sometidas a procedementos de concorrencia competitiva. 3.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- x) **Corrección erros.** Na aplicación 2410.4700002, dice FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SAFOOD), debe decir, FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (Sea Fest). Na aplicación 3230.2279911, dice VIGO POR DENTRO, debe decir, VIGO EDUCA. Na aplicación 3260.2279916, dice PROGRAMA DE ALFABETIZACIÓN, debe decir, PROGRAMA EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS.
- y) **Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2017,** tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2017, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 21 de novembro de 2016, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das emendas.

O proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente¹, ano 2017

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.636.637,38	68.531.459,73	I	105.386.182,34	105.386.182,34
II	118.126.501,49	119.645.166,67	II	7.871.804,00	7.871.804,00
III	7.030,00	7.030,00	III	37.245.569,63	38.326.169,63
IV	32.884.979,13	27.061.579,13	IV	77.338.950,03	76.081.437,56
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.000,00	2.178.000,00
TOTAL G.Co.Op.NF	216.255.148,00	215.845.235,53	TOTAL I.Co.Op.NF	230.010.506,00	229.843.593,53
VI	13.528.498,00	16.221.498,00	VI	,00	2.500.000,00
VII	305.000,00	355.000,00	VII	80.000,00	80.000,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	13.833.498,00	16.576.498,00	TOTAL I.Cp.ONF	80.000,00	2.580.000,00
TOTAL G.Op.NF	230.088.646,00	232.421.733,53	TOAL I.Op.NF	230.090.506,00	232.423.593,53
VIII	647.860,00	672.860,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00	,00	IX	,00	,00
TOTAL G.Op.Cp.F	647.860,00	672.860,00	TOTAL I.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00
TOTAL G.Op.Cp.	14.481.358,00	17.249.358,00	TOTAL I.Op.Cp.	726.000,00	3.251.000,00
T.X. GASTOS	230.736.506,00	233.094.593,53	T.X. INGRESO	230.736.506,00	233.094.593,53

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto Entidade e consolidado, comparativo 2016-2017

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	-100,00%	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
Total		230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822,35	3.894.822,35	0,00%			
2	1.518.665,18	1.440.240,37	5,45%			
3				1.080.600,00	1.365.489,77	-20,86%
4	1.325.512,47	1.375.512,47	-3,64%	5.891.400,00	5.705.407,84	3,26%
5				10.000,00	24.000,00	-58,33%
6	2.693.000,00	384.322,42	600,71%	2.500.000,00		100,00%
7	50.000,00		100,00%			0,00%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	9.507.000,00	7.119.897,61	33,93%	9.507.000,00	7.119.897,61	33,53%

- z) **Aprobar** as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e supletoriamente á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- aa) **Aprobar** as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- bb) **Aprobar** o cadro de persoal da Entidade Local.
- cc) **Aprobar** o cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- dd) En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.
- ee) Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- ff) O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.
- gg) De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.
- hh) Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

4(1342).- RECTIFICACIÓN DE ERROS EN RELACIÓN COA CONTESTACIÓN AS ALEGACIÓNS FORMULADAS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, co seguinte contido:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desarrolla parcialmente la Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba a Lexislación xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba a lexislación dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, de 05 de agosto de 2016 (PCAP).
- Prego de prescripcions técnicas para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, de 31 de agosto de 2016 (PPT).
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).

- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 28 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, de xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.

SEGUNDO.- En data 10 de novembro de 2016 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais: Diario Oficial da Unión Europea, o 15 de novembro de 2016. Diario Oficial de Galicia o 09 de decembro de 2016. Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 12 de novembro de 2016. Boletín Oficial do Estado, o 28 de novembro de 2016. Abríndose o prazo de presentación de ofertas tras a publicación no DOUE, que finalizará o día 21 de decembro deste ano.

TERCEIRO.- En período hábil presentáronse as seguintes alegacións respecto das cales se propoñen as consecuentes contestacións:

DOC: W210931-6511 / W210931-6511 - ESYCSA
CONSULTA 1

“El 15% que se describe en el apartado 2 de la cláusula 6"del PCAP ¿es el mismo concepto que el 15% descrito en el apartado 6 de dicha cláusula?”

RESPOSTA

En efecto, ambos apartados da Cláusula 6ª acollen o mesmo concepto.

DOC: W210728-8572 – VALORIZA SERVICIOS MEDIAMBIENTALES

CONSULTA 1

“¿Es posible formalizar la siguiente UTE, de dos empresas?”

- EMPRESA 1: cumple los requisitos de capacidad para obrar, solvencia económica y financiera y solvencia técnica y profesional, exigidos en el pliego.
- EMPRESA 2: cumple los requisitos de capacidad para obrar, la solvencia económica y financiera y aunque teniendo en su objeto social recogido, el objeto concreto del concurso, no dispone de experiencia en la gestión de regulación de plazas, ni actualmente ni en el pasado, Sin embargo, aporta solvencia técnica y profesional, para dar respuesta a los requerimientos concretos del pliego en lo referente al sistema de gestión, identificación y pago mediante tarjeta ciudadana, conectividad y gestión de aplicaciones futuras, tareas habituales incluidas en el contrato, y por tanto imprescindibles

para dar respuesta a los requerimientos de los pliegos, Dicha empresa por motivos operativos y por la naturaleza de los trabajos no puede ser un mero proveedor de servicios de forma externa, ya que los medios de gestión diaria necesarios, no pueden ser prestados a un tercero, sino que, sólo pueden prestarse en un servicio en el que ellos participen como titulares.

Entendemos que al concurrir en UTE, las solvencias se acumulan y se complementan a la hora de poder participar en los procesos selectivos y de licitación de las diferentes administraciones públicas, Por otra parte, ambas empresas tienen un mínimo de solvencia propia, que justifica la participación de cada una de ellas en la UTE.

¿Es correcto el planteamiento y por tanto la validez de la UTE mencionada, conforme al Artículo 24.1 del RGLCAP que permite acumular solvencias en uniones temporales?”

RESPOSTA

Exponse polo licitador en sede de trámite de esclarecemento do contido dos pregos que rexen a licitación, a cuestión relativa á admisibilidade ou non da “acumulación” ou “agrupación” de solvencias “parciais” ou “mínimas” nos supostos de unións temporais de empresas.

Como se deduce directamente da propia formulación da cuestión (cita do art. 24 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos), non cabe aquí máis que garantir unha actuación do órgano de contratación plenamente suxeita aos preceptos legais e regulamentarios que resultan de aplicación nos devanditos supostos, baixo o control dos órganos administrativos e xurisdicionais previstos na propia lei.

CONSULTA 2

“En el Pliego de Clausulas Administrativas en su Anexo III se aporta la relación de personal a fecha 2014.

Se solicita listado actualizado, TC1 y TC2., indicación además de los datos: fecha de nacimiento de los trabajadores, pluses y convenio de aplicación.”

RESPOSTA

No perfil do contratante atópanse xa publicados os datos relativos á relación dos traballadores, data dos contratos, data de nacemento, retribucións e convenio vixente.

CONSULTA 3

“En el Estudio Económico Financiero y Previsión de Ingresos se aportan los ingresos de 2012 a 2014:

La pregunta es la siguiente, ¿Cuáles han sido los ingresos del año 2015 y 2016?”

RESPOSTA

Xa se atopan publicados no perfil do contratante os datos solicitados.

CONSULTA 4

“En el Estudio Económico Financiero y Previsión de Ingresos en su página 2 se establecen los gastos de explotación del servicio. En concreto en a partida de personal se observa que no se aplica el 21 % de IVA correspondiente.

La pregunta es la siguiente, ¿Pueden aclarar por qué no se le aplica el IVA a este concepto, que sí estará incluido como un coste más de la concesionaria y en consecuencia se le tendrá que repercutir el IVA correspondiente y por tanto le será facturado al Concello.”

RESPOSTA

As cuestións expostas polo licitador interesado foron resoltas en firme polas resolucións 534/2016 e 570/2016 do Tribunal Central de Recursos Contractuales.

CONSULTA 5

“En el Pliego de Prescripciones Técnicas en su artículo 10 (página 18) dice:

El contratista deberá enviar diariamente ONLINE al Ayuntamiento todos los avisos de denuncia voluntarios, firmados digitalmente con alguno de los certificados emitidos por las entidades prestadoras de servicios de certificación reconocidas por el Ayuntamiento de Vigo.

La pregunta es la siguiente, ¿Cuáles son las entidades certificadoras reconocidas por el Ayuntamiento de Vigo?”

RESPUESTA

CUARTO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa condición de órgano de contratación (artículo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confiere a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Aprobar a precedente proposta de contestación ás alegacións formuladas polos interesados ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento

aberto para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (Expte 90514-210).

2º.- Acordar, en consecuencia, a súa publicación no perfil do contratante.

Así mesmo, dáse conta do informe sobre rectificación de erros, asinado polo xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- En sesión extraordinaria e urxente de 14 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se resolven as consultas expostas polos licitadores interesados en relación co expediente de contratación 90514-210.

Dito acordo trae causa do informe-proposta desta Xefatura de Área da mesma data.

SEGUNDO.- Na consulta identificada co ordinal 8, introducida pola mercantil SABA APARCAMIENTOS (doc.161059351), expoñíase a seguinte cuestión:

CONSULTA 8

“Podrían indicarnos si los puntos 2, 3 y 4 de la propuesta económica se valoran por el criterio 1 o 2 de la Cláusula 16ª.3”

Que mereceu a seguinte

RESPOSTA

“O licitador deberá considerar que, a efectos do disposto na Cláusula 16.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, os apartados 2 e 4 do modelo de proposta económica rexeranse polo apartado primeiro da Cláusula 16.3, e o apartado 3 do citado modelo de proposta económica polo apartado segundo da citada Cláusula 16.3.”

TERCEIRO.- En relación con dita resposta, cuxa trascendencia resulta indiscutible en termos de adecuada claridade na presentación da oferta económica, advírtese un erro que afecta ao inciso final que di “...e o apartado 3 do citado modelo de proposta económica polo apartado segundo da citada Cláusula 16.3”.

En efecto, o apartado 3 do modelo de proposta económica permite ao licitador dispoñer sobre a súa retribución como canon - “3.- Propón como porcentaxe de retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6 un ... (número) %”-, pero non no sentido da resposta dada (aumento de valores propostos pola Administración) senón en sentido contrario (diminución de ditos valores).

Dado que dito erro trascende á enteira redacción da resposta ofrecida, procede deixala sen efecto e no seu lugar ditar outra conforme ao disposto nos pregos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artículo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Aprobar a precedente proposta de rectificación puntual do acordo adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 14 de decembro de 2016 polo que se resolven as consultas presentadas polos licitadores interesados en relación co expediente de contratación 90514-210.

Na súa virtude, a resposta ofrecida á consulta identificada co ordinal 8, introducida pola mercantil SABA APARCAMIENTOS (doc.161059351) e cuxa redacción era

“O licitador deberá considerar que, a efectos do disposto na Cláusula 16.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, os apartados 2 e 4 do modelo de proposta económica rexeranse polo apartado primeiro da Cláusula 16.3, e o apartado 3 do citado modelo de proposta económica polo apartado segundo da citada Cláusula 16.3”.

queda redactada como segue:

O licitador deberá considerar que, a efectos do disposto na Cláusula 16.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, os apartados 2, 3 e 4 do modelo de proposta económica rexeranse polo apartado primeiro da citada Cláusula 16.3.

En particular e a título exemplificativo, si no apartado 3 do citado modelo o licitador indica o 100 %, enténdese que fai súa a totalidade de dita retribución, e se indica o 0 % está outorgando a totalidade do importe do canon a favor da Administración contratante”.

2.- Acordar, en consecuencia, a súa publicación no perfil do contratante.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero